

ELENA GALLEGO ESCRITORA E XORNALISTA, AUTORA DA SAGA DE LITERATURA XUVENIL 'DRAGAL'

► «Os lectores de 'Dragal' saben ben que cando baixas ás catacumbas estás perdido», di Elena Gallego. Algo diso ten que haber nunha saga que leva máis de 10.000 volumes vendidos, que se está a traducir ao catalán, o castelán e o inglés, e que contará con adaptacións ao cómic e ao cine. «É un fito da literatura xuvenil galega», sostén o editor Manolo Bragado.



«Agora creo en dragóns»

TEXTO: BELÉN LÓPEZ

FOTO: RAFA FARIÑA

«A MIÑA CARTA de presentación segue a ser 'xornalista en tempos de crise e domadora de dragóns», comenta Elena Gallego (Teruel, 1969) a punto de embarcarse nunha xira de presentacións por Cataluña antes de viaxar á Ferial del Libro de Madrid. A 'domadora' de Marín anda de promoción porque vén de publicar a cuarta entrega da súa saga 'Dragal', «un fito na literatura xuvenil galega», segundo o editor de Xerais, Manuel Bragado. Efectivamente non existe nada semellante a esta historia que leva máis de 10.000 volumes vendidos (8.150 da primeira parte), que está a ser traducida ao castelán, o catalán e o inglés e que pronto contará con adaptacións ao cómic, da man de Carlos Portela e David Rubín, e ao cine, a cargo de Ficción Producciones.

A estas alturas é quen de lembrar como naceu 'Dragal'?

'Dragal' naceu como un agasalho ao meu fillo cando a el só lle gustaba a literatura fantástica, do tipo 'Eragon' e 'Harry Potter', e non atopaba nada en galego. Ao mesmo tempo foi un reto persoal, porque eu non era lectora dese tipo de literatura. O máximo que lera era '20.000 leguas de viaxe sub-

marina'. Clásicos de aventuras como os Xulio Verne, quere dicir.

Efectivamente. A min o que me gusta é a novela histórica e outro tipo de literatura. Fixen isto polo meu rapaz. Así que non hai ese tipo de literatura que che gusta en galego, pois escribocha eu. Así foi que me puxen cunha novela de dragóns.

Iso cando foi?

Pois mira, estes días facendo limpeza atopei os primeiros arquivos de 'Dragal' no ordenador, que deben ser de 2008. O primeiro libro quedou finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil en 2009 e publicouse en 2010. Hoxe leva oito edicións e eu confío en que este ano se lance outra máis.

Oito edicións do primeiro título, unha saga que vai polo cuarto libro, adaptacións ao cómic e ao cinema, unidades educativas nas escolas... Imaxinaba que unha historia de dragóns para o seu fillo podía chegar a medrar tanto?

Nunca imaxinei nada parecido. Eu naquel momento só quería acabar a primeira historia e nada máis. Pero foise liando. Empezas a escribir, os personaxes cobran vida e ti tes que seguir adiante. Os lectores de 'Dragal' saben ben que

cando baixas ás catacumbas estás perdido. A min pasoume.

Ata rematar cunha saga entre as mans.

Cando o xurado do premio da Fundación Caixa Galicia recomendou a publicación da obra, o editor Manuel Bragado animoume a pechar a historia en 40 ou 50 páxinas máis. Pero eu tiña claro que aquilo non podía ser: 'Dragal' podía continuar e desenvolverse pero ata conformar unha triloxía. «Escribea», foi o que me contestou. O reto fíxose máis grande. Porque o que tiña claro é que aquí non ía haber recheos: cada libro tiña que ser mellor que o anterior. Iso creo que me permitiu ademais mellorar como autora, ir aprendendo a medida que avanzaba a historia.

E acabou converténdose nun fenómeno editorial.

E, sobre todo, medrou dunha maneira marabillosa nas escolas. Enchámeme de emoción, por exemplo, ir descubriendo en internet unidades didácticas que comezaban a usar os mestres cos libros.

Non lle parece correr moito risco embarcarse na continuación dunha triloxía de éxito como é a súa? Non era mellor rematala aí?

Eu non quería un final pechado. 'Dragal' merecía a posibilidade dunha continuación. Pero si que

é verdade que quería facer outras cousas antes de pensar sequera niso.

Esa novela negra que foi 'Sete caveiras', por exemplo.

Por cruzouse na miña vida un produtor de cine, Julio Casal, ao que lle falei do meu traballo. E aínda que nunca pensas que un produtor te vai chamar un día á casa mentres estás a facer a cea para contarche que van facer unha película dos teus libros, a min pasoume. Así foi como 'Dragal' acabou nas mans de Ficción Producciones, que é a mesma empresa galega que realizou, co Instituto Cubano del Arte e Industria Cinematográficos, 'Maimiño', esa peli de animación

■ ■ Eu non importo. Son como o panadeiro: o importante é que o seu pan quite a fame. Eu quero saciar con soños e aventuras»

■ ■ En Galicia o que ten que haber é referentes.

Disto e do outro. Temos que valorizarnos, demostrar que podemos exportar»

que agora mesmo aínda está nos cines. E dese proxecto audiovisual nace o cuarto volume da saga. Eu tiña na cabeza a nova triloxía, así que cando Julio Casal empezou a preguntar pola continuación disto e do outro simplemente púxenme a escribila.

Pero 'Dragal' ten algún tipo de límite? Ou non se atreve a poñerllo?

Si, si. Tres triloxías. Non poden máis. Pero, tranquilidade por agora, aínda teño que escribir o quinto. O das tres triloxías é un xeito, medio en broma medio en serio, de fixar unha meta. Historia para desenvolver hai. Porque cando eu empecei a escribir 'Dragal' non creía en dragóns, non sabía que os había en Galicia, pero vas investigando, descubriendo cousas...

E agora cre en dragóns?

Agora creo en dragóns. E non só creo neles, senón que teño que demostrarlle aos lectores que existen. Polo menos, quero que mentres lean o libro crean neles. E, cando o acaben, dubiden sobre a súa existencia.

Como autora non teme acabar engulida por unha saga como esta? Ou é un estímulo facer algo que marca un fito na literatura xuvenil galega?

Se pensara iso último, deixaba de